

# A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redacción e Administración

Rúa Real, 36 - 1.º

A CRUÑA

Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano  
6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XII ★

1.º de Outono do 1928

★ Núm. 253

## LEMBRANZA

Este mes lémbra-nos a morte de tres figuras de outo releve na historia de Galicia.

Luís Porteiro, o paladín moderno e rexo do galeguismo integral que soupo plasmar con traballos e discursos as arelas da nova Galicia axeitadas á política dos tempos modernos. Florencio Vaamonde, o gran poeta, prosista e historiador, verdadeira enciclopedia de cousas galegas, fervente patriota e namorado do idioma propio que escribiu con un coñecemento e dominio grandes. Valentín Lamas Carvajal o coñecido e admirado poeta do agro galego que tanto amou e tan ben soupo amos-trar nos seus belos versos.

Tres figuras do santo galeguismo, da nobre idea patriótica que temos de ter eternamente na lembranza. Adiquémolles hoxe un recordo fervoroso.

## BLÁS INFANTE

Por un feixe de irmáns da Cruña foi agasallado c'un xantar íntimo—pois os tempos non permiten outra cousa—o ilustre pensador andalucista Blás Infante que agora ven pol-a vez primeira á nosa terra.

Blás Infante sementou o ideal rexionalista na Andalucía. Pubricou artigos, folletos, libros; deu conferencias notables. Fixo un ensaio no que trata de demostrar que o «Quixote» contribuíu á decadencia do idealismo na Hespaña. E na revista «Bética»—para nós inequiescente—realizou campañas en pro das ideas que sinte pactando unha estreita paternidade con propagandistas das outras terras peninsulares que pensan com'os andalucistas.

Era, pois, un deber nos irmáns da Cruña agasallalo. Un home dos ideaes e da intelixencia de Blás Infante non podía pasar pol-a capital da Galiza inadvertido. No curso do xantar que un feixe de galeguistas cruñeses lle demos, o cultísimo pensador andaluz dixo cousas moi interesantes respecto ós futuros problemas da Hespaña. E asin, entre galeguistas e andalucistas ficaron estreitados de novo os antigos lazos d'amistade para ben da grande Iberia co'a que todos soñamos.

Blás Infante sabe xa canto se lle quer e se lle admira na Galiza.

## UN NOVO COLABORADOR

*Un señor que envolve o seu nome n'un pseudónimo mandounos o artigo que publicamos seguidamente. Este colaborador espontáneo, c'o seu traballo, enchénos de ledicia. Porque demostra que hai pol-o mundo adiante moitos que pensan com'a nós e que saben espresar o que sinten de xeito maxistral. O artigo que agora ides lêr é sinxelamente formoso. Quen o escribiu leva a i-alma acesa pol-o santo ideal da galegnidade. E demostra poseer un espírito requintado e un entendimento craro, cheio de recendo cultural. Desexando que o notabre artigo que nos mandou non sexa o derradeiro que deite da sua penna reproducímolo agora, seguros de que todol-os nosos irmáns haberán de colmalo de loubas. Velo aquí:*

# ESCALLOS LINGÜÍSTICOS

Así como en monte bravo, no meia da roca estéril, o divino escallo d'unha pinga d'auga fai nacer un piñeiro, así quixera eu que estes «Escallos lingüísticos» prenderan n'esa parte da nosa mocidade, que aínda áchase arredada das nosas arelas.

### I

Falei c'un francés e díxome qu'a sua fala era a mais expresiva e flesible do mundo. Díxome tamén que era a lingoaxe que servira pra qu'os pensamentos vizosos de Voltaire e Diderot achasen a sua humán expresión. Dixo qu'o seu falar era grorioso.

Falei c'un italián e díxome qu'a sua língoa non tiña rival pr'a poesía e que o Dante nado n'outro país, non tería feito as suas maravillas. É tan armoñoso o noso falar, dicía, que escribíndoo en prosa soa a verso.

Falóu tamén un castelán e dixo qu'o seu idioma era rico e sonoro como ningún outro. Engadía que o Don Quixote era o libro millor escrito n'un falar, e que por eso él amaba o seu.

Véu despois un polaco que falóu con saudade do seu amor á fala do seu país, tan perseguida sempre por tres nacións opresoras, e que n'oustante a bárbara escravitude, seguéu sendo o verbo de poderosas intelixencias. O polaco amaba a sua língoa pol-o moito que fora desprezada.

A derradeira falóu un inglés. Con voz queña, sen inútiles entusiasmos, mainamente, dixo que él amaba á sua fala, por eso mesmo, porque era a sua. Shakespeare e as suas obras, eran custión secundaria para él. Reconozo, se queredes, dixo, qu'o meu falar é o mais pobre en verbas, o mais rudo na expresión, o mais cativo na literatura... pero é o meu, o da miña patria, o dibuxo espiritual da nosa sentimentalidade, i-eu amo'o como anaco mesmo do meu ser.

Eu galego, non dixen rén; limiteime a estreitar fortemente a man do británico.

### II

Falan da unidade ortográfica, falan da sua utilidade; queren desbotar á anarquía que hoxe aínda hai nas letras galegas.

Parezme ben. Mais tamén penso que todal-as anarquías levan en si un fondo de beleza innata.

### III

Dí o psicólogo Alfredo Fouillée qu'os hespañoles non recibimos elementos célticos d'abondo para ter dozura na masa do sangue.

Non creo que esto sexa apricabre á nós. A fala é a expresión mais precisa do íntimo sentimento, e o noso falar fillo do latín, conserva do celta o mais preciado: a dozura.

### IV

Falei un día c'un freire francés que vivía n'un convento do sur da Hespaña. Falamos en francés e él diciame: ¡cánta felicidade sinto cando ao falaren en francés, contés-tante na mesma língoa!

Un día en Galiza, falei en galego e respondéronme en castelán. Eu lembreime das verbas do frade francés, e sentín un amargor que pareceume o antipoda da felicidade de que él me falara.

### V

Cando oyo pregoar nas rúas da cidade ás boas mulleres aldeanas de zocos e mante-lo, acodome axiña na fiestra para escoitar con ledicia as únicas verbas galegas que

adoitáanse ouvir cada día... E algunha vez que pechei os ollos pareceume qu'os bater dos zocos no chán era o desfilar d'un exército glorioso que falando en galego, viña á reconquista da cidade esquecida do seu falar.

## VI

Ouvindo falar n'unha das nosas cidades, a un fato de rapaces vilegos, agardei inutilmente que algún d'eles dixerá algo en que poideráse ver unha arela, un ideal, algo que

fora diferente d'aquela interminable frivolidade da súa conversa. Mais o que produxo verdadeira pena, foi o ver que cando eu quixen tratar uns temas galegos, todos eles ficaron silandeiros, c'un silencio no que vin que aquilo a eles lles non interesaba... Eu entón tamén calei e n'un momento comprendín a verdadeira tristeza do desterrado, que non é o saír da terra, senón o non poder sentirse paisano de xentes que nasceran no noso mesmo chán.

MILLOBRE PINTO

Setembro, 1928.

## COUSAS

A firma do Pacto Kellogg suxeriu-me varias reflexións que xusgo merescientes de seren publicadas.

Non ten dúbida que o feito, ou millor dito o propósito, meresce sere ollado con agrado xa que constituíe unha garantía de paz á que se comprometen todol-os Estados firmantes.

Agora ben: dentro d'eses mesmos Estados tal como hoxe están constituídos, hai pobos de espírito e nacionalidade particular, minorías nacionais, moitos dos cales loitan e traballan pol-o conqwerimento d'unha vida propia e libre. A estes pobos non se lles deu bexerancia na firma do Pacto.

Iste compromete aos Estados a non guerrear entre eles pero non os compromete a non combatir nin oprimir as arelas liberadoras dos pobos do seu dominio.

E ¿pode haber paz cando hai pobos que oprimen a outros? Dentro de cada Estado ¿non se están verificando a cotío guerras xordas, en algúns casos sanguifrentas, entre pobos oprimidos e Estados opresores? ¿Non pode vir por ahí a ruptura do Pacto e dar estas loitas nacionalistas motivo a unha guerra grande entre Estados? En derradeiro termo ¿cal é a obriga dos Estados firmantes do Pacto cando en calquera d'eles un movemento nacionalista tome caracteres violentos? ¿Incrinarse de parte dos Estados, o cal significaría guerra, ou reconoscer o dereito dos pobos a liberarse, o cal significaría paz e xusticia?

Son preguntas éstas que dende logo ficarán sen resposta pero que ninguén pode dudar da súa realidade.

Por eso eu penso que o Pacto Kellogg non ha de ter na praitica, desgracia!lamente, a virtualidade pretendida porque esqueceu que no mundo hai pobos con alma propia, que viven sometidos e queren liberarse, me-

rescentes de seren atendidos. Agás que se lles obrigue a calar pol-a forza o que de feito sería unha guerra mais crudenta e criminal pol-a desigualdade das forzas combatintes.

Quizais conviñera unha gran reunión ou Congreso d'estes pobos para que a súa voz fose atendida agora que tanto se fala de liberdade e de paz universal.

Por unha beira os pseudo-internacionalistas cos seus tópicos de que o nacionalismo é contrario ao millor entendemento e confraternidade universal. Pol-a outra, os *avangardistas* falando de cultura internacional toda ela carente d'unha alma vigorosa e firme onde asentar as suas bases.

Internacionalismo, modernismo de verbas é expresións deportistas aplicadas a todas as cousas do xeito mais disparatado con metáforas e figuras que ninguén entende.

Moito universalismo e confraternidade xeneral nos beizos, pero nos feitos moito mais egoísmo e personalismo manifestado de cote. Moita cultura universal, moito *meridiantismo* pero moita mais estupidez e carencia de ideas e sentimentos propios.

Moi ben: A nós que nos deixen co-a nosa manía de quereremos ser moi galegos, cada día mais galegos, sin mixturas alleas por moi veciñas que sexan e que nos deixen crear unha cultura nosa, racial e xa veremos quen é mais universal e quen traballa mais e millor pol-a cultura xeneral. Si eles co seu deportismo físico e literario e co seu universalismo frío, de beizos para fora ou nós co-as nosas ideas e praiticas *pasadas de moda* pero xenerosas, de patriotismo sincero, desinteresadas aplicadas en cousas reais e firmes como son os cimentos en que se asenta a alma galega parte integrante da alma universal.

VÍCTOR CASAS



# DA GALIZA RENASCENTE

(Proseguimento)

Gonzalo Lopez Abente é un pondaliano. Clásico pola forma perfecta dos seus poemas, polo equilibrio do seu pensamento, pola forma tranquila e repousada. Clásico, mais non coma son clásicos os classicistas: Lopez Abente é, como se dixéramos, un clásico nórdico.

É un home estraño, calado e serio, c'unha cortesía exquisita de gran señor. Ten viaxado moito; estivo na América e percorreu case todo o Norte da Europa. Poida que aínda teña estado en mais sitios, mais non se sabe, pois il raramente fala dos seus viaxes. Vive en Mugia, fronte ao imenso Atlántico, e é o millor poeta do mar. Cabanillas foi o primeiro, dende Martín Códax; Lopez Abente é o millor. Os seus versos, un pouco duros, riman ben con o balbor do mar das leendas, co mar que sulcaran San Patricio e San Brandao, e a barca que trouxo o corpo de Sant'Iago... Alén do mar, é López Abente o poeta das grandes ideas universaes, un poeta do abstracto. Ademais, vai de día en día depurando a súa forma, a mais pura e escoreita entre os poetas galegos. López Abente publicou: *Escumas da ribeira* (sen data). *Alento da Raza* (sen data) e *D'Outono* (1924). Ten tamén contos e novelas curtas: *O deputado por Veiramar*, *O novo xuez*, *Buserana*, *Fuxidos*. Damos eiquí un dos fermosos sonetos:

«Muller xenil, arrescendente rosa,  
botón de fror, ensoño feitiçeiro;  
raioa vesperal d'outo luceiro,  
e linfa da fonteia rumorosa.

Fada resprandecente, linda diosa,  
derrubeime ás tuas prantas prisoeiro  
en busca do feitiço derradeiro  
á que aspira a nosa alma desexosa.

E cando as miñas mans fono tirando  
das galas en que estabas envolvida  
e foron os meus ollos contemplando

a miseria da carne cõrrompida,  
mudo de pena e de dolor tremando,  
vin a verdade diante min espida.»

Outro poeta do mar é Victoriano Taibo, a un tempo forte e delicado, cabaniliano, que se revelou con *Abrente* (1922), libro en que a liberdade da forma aparéntao lonxanamente c'os avanguardistas. Taibo representa unha transición á unha nova época; pecha un ciclo e abre outro:

«No engado das augas cantáreiras  
ao alén  
camiño na canzón.  
No engado das pardas neboeiras  
ao alén  
viaxo en corazón...»

Ja dixemos que é poeta mariñeiro:

«A flor do inverno é de neve, o azul do ceo, embazado  
ña Mai-Terra atrecida ten un canto amargurado.  
Brua o mar! As ardentias escáchanse nas rompentes  
e os cons varudos agachan as suas cristas trementes.  
Geme o salgueiro dolente sintindo o beijo do gío,  
e un alongado lamento sobe do leito do río.  
Brua o mar! As furibundas olas, en ingente traza,  
erguen-se outas e soberbas n'unha espantosa amcaza...»

Outro libro ten, *Da vella roseira* (1925), d'unha grande delicadeza lírica, imitando o xeito popular.

Taibo ten un interés particular, ademais, por ser un dos que mais afincadamente ten propugnado a aproximación da grafía galega á grafía portuguesa, como pode verse nos versos transcritos, nos que non somentes se prescinden do *x* pr'os son de *j* e de *g* diante de *e*, *i*—que os poetas galegos do século pasado tomaran do bable, sen razón ningunha—senón que n-outros aspectos adóptase a maneira portuguesa.

Os demais son ja poetas novos. En Buenos Aires, e formando parte do agrupamento que publica a revista *Céltiga*, está Eduardo

Blanco Amor, que é d'Ourense. É un dos nomes a quen mais debe a renascenza galega polo seu labor incansable de propagandista e criador na colectividade galega da Argentina. Con Ramón Suárez Picallo, Rial Seixo, Julio Sigüenza, A. Zapata García e outros, leva o peso da propaganda e organización galeguista na América do Sul. Como poeta, junta as derradeiras notas do simbolismo co-as mais tolerábeles do avangardismo n-unha forma lírica esquisita, e c'un sentimento inteiramente persoal:

«Acorre a miña sonata  
que prega baixo a lumieira  
pól-a rua,  
namentres que vagaxeira  
por antre nubes de prata  
vai a lúa.

A mar a engulir estrelas:  
A lúa crebana os remos  
en mil cachos  
y-a canzón que non sabemos  
ven a parolar co-as velas  
nos refachos...»

#### Veleiquí outra amostra:

«Unha pinga d'orballo  
é unha bágoa da noite, que escintila  
na arista d'unha estrela:  
Nasce d'ela,  
n-ela un istante brifa  
e pasenñamente se destila  
cruzando a noite pra calmar a arela  
d'unha sedenta frol, da Terra estrela...»

Lois Amado Carballo morreu moi novo o ano pasado en Pontevedra. Deixou un libro de versos publicados, *Proel*, no que revive as quadras populares vertendo n-elas *esprit nouveau* dos poetas do día:

«Verde canzón aldeán...  
Num refroreecer de verbas  
a breixa da emoción nova  
qu'o intelceiro penreira.»

Ainda deixou outro inédito, e ademais unha fermosísima noveliña curta: *Os probes de Deus*. Hai n-este poeta d'avanguardia unha emoción tan engebrememente galega, que ten copras que semellan do pobo:

«Meniña pecha a fiestra  
non deixes á noite entrar;  
que pra tebras ben abondan  
estas que comigo van.»

Arqueólogo e folklorista, Fermín Bouza Brey, un dos fundadores do Seminario d'Estudos Galegos, mistura as investigacións prehistóricas, e as suas afeizós de bibriófilo e bibriómano, co-a poesía. Bouza Brey asimilouse tan cumpridamente o espírito dos *Cancioneiros*, que resulta un poeta cortesán do século XVI, imbuído da derradeira modernidade:

«O pumaríño da noite quer froitificar estrelas.  
O tanxer de ista cantiga é a sinal para alcendelas...  
—ay meu amor!—  
...é a sinal para alcendelas.

Agárdanos na ribeira, sóbr'o descordo do mar,  
no seo dos cons, o leito de herbiñas de namorar...  
—ay meu amor!—  
...de herbiñas de namorar...»

#### ou esta outra:

«Meu navio leva o vento  
no mastro eterno da noite  
ó treu do meu pensamento.

Leda vai a nao  
na proa unha frol,  
a rosa albariña  
do meu corazón.  
Amiguíña, crara estrela  
dame a aguillada de un bico  
para apurrar a gamela.  
Leda vai a nao e sic...

E ainda hai Outeiro Espasandín e Manoel Antonio os mais enrabechados avangardistas. Outeiro Espasandín escribe:

«Carreteira da serra,  
abrazada ó cadavre livido d'aurora,  
nai dos fillos de pedra:  
cingues os torsos e bicas os cráneos  
dos que miram Deus car'a cara,  
e camiñas sin reparar,  
nas baterías da tormenta.»

Manoel Antonio lanzou co dibujante Alvaro Cebreiro o primeiro manifesto avangardista galego, e primeira manifestazón pública da nova literatura. Mariñeiro il, é tamén poeta dô mar.

Son estes os únecos poetas? Non; hai outros moitos. Entre os mais antigos que ainda escriben, teríamos que citar ao Marqués de Figueroa (*Del solar galaico*), a Lisardo Barreiro (*Escumas e brétemas*, 2.<sup>a</sup> ed. 1923), a Evaristo Martelo Paumán (*Landras e ba-*

yas, 1919; Francisco Salgado López-Quiroga (*Cantares da Terra*, 2 vol), Avelino Rodríguez Elías (*Cantar dos Cantares*) etc. Na segunda gerazón, ao P. Samuel Eiján (*As Floriñas de San Francisco*, 1926), Avelino Gómez Ledo (*Romanceiro compostelán*, 1926), Antonio Couceiro Freixomil (*Lóstregos*, 1915), Amador Montenegro Saavedra (*Fábulas Galaico-Castellanas*, 1927), José Rey (*Latexos*, 1925), e outros moitos. Nos novos, Correa Calderón, Alvaro e Augusto de las Casas, Xan Vidal Martínez, Carballo Caleiro, N. García Pereira, etc.

## V

Endejamais tivo a literatura galega unha tan intensa produción en prosa como nos nosos días. Por tradición, as letras galegas eran ata d'agora, principalmente poéticas. Na Era dos Precursores, a novela, por eixemplo, cultivouse moi pouco; as que tiveron mais sona foron dúas, escritas polo gran historiador López Ferreiro: *A tecedeira de Bouaval* e *O Castelo de Pambre*, mais notabres as dúas pola riqueza do léxico que non polo que teñan de novelas. Hoxe hai ja novela galega e todol-os géneros de prosa teñen cultivo.

Compre citar en primeiro termo entre os prosistas, á Alfonso Castelao e Ramón Otero Pedrayo.

O gran pintor Castelao, non é somentes o primeiro dos nosos artistas, senón tamén un gran escritor. Mesmamente, compre telo por criador d'un género literario: os contos curtos, verdadeiras novelas n-unha páxina, d'un humorismo tan fondo, d-unha intensidade trágica tan pungente, d-unha poesía tan extraordinaria, que para atoparmos algo que se lle asemelle, temos que ir á literatura rusa (Gorki, Andreieff) ou á literatura irlandesa (Synge, Lord Dunsany). D'íles publicou derradeiramente un libro, homilamente titulado *Cousas*, e avaliado con ilustrazós do mesmo autore. Enantes publicara ja unha historia macabra: *Un ollo de vidro* (memórias d'un esquelete). O macabrisimo é unha das características do Castelao. *Un ollo de vidro* publicouse dúas veces no Ferrol, pela editorial *Céltiga*, en 1922, en

edición ordinaria da publicazón e en edición de luxo de tirage limitada. Veleiquei un anaquino d'ise libro:

«Lémbrome que sendo eu rapaz, chegou meu pai d'América. O probe non trouxo mais que uns borceguíns vellos e un tarro amedeado de bicarbonato; viña enfermo e morreu aixiña.

Sempre chorei o fracaso do meu pai que na miña admiración de fillo tivero pol-o mais bó, arriscado, intelixente e forte do mundo inteiro. Aquelas terras lonxanas que zugaron a vida do meu pai foron arreo maldecidas por mim. Meu pai era dino de voltar san e millonario.

Onte no rucio falábase das nosas vidas e chegoime a vez de contal-a miña. Ainda non rematara de contal-a, cando un esquelete, d'ises esqueletes que parecen parvos, ergueuse coma un lóstrego e doume tan forte aperta que rompeu unha costela.

Era o meu pai!»

O XIV aniversario da morte de Xohan Jaurés e a inauguración do moimento que lle foi ergueito en Besiers, deron nova actualidade xornalística a ista gran figura do socialismo internacional. Os anos que seguiron á morte de Jaurés teñen borrado un pouco o esplendor da sua groria.

É posibre que haxa, nas xovens xeneracións, xente que creía que Jaurés é unha falsa groria. Compre decir que é excesiva a facilidade con que algúns escritores d'istas «novas xeneracións» falan despectivamente das grandes figuras das xeneracións pasadas. Istes xuicios despectivos non son unha revisión de valores, porque o primeiro que compre para revisar un valor é coñecelo, i-os escritores aludidos demostran que apenas coñecen nada da obra e da vida d'aqueles homes groriosos, e menos aínda os acontecementos políticos e sociaes ós quales estiveron misturados.

A. ROVIRA I VIRGILI.

(De «La Publicitat».)



*Cousas* publicouse en 1926. Veleiquí unha das *cousas*:

«O tempo engalanou c'unha tona d'ouro e prata o vello castelo feudal; os escravos do fisco sachan o millo nas leiras; antr'os salgueiros sombrizos do fondo do val avistase a fouce do río. O sol bate no lombo da terra. Todo está disposto pra pintár, porque todo é regalia dos ollos; pero na paisaxe hai máis. Hoxe é vispera de San Xohan, arrecende a colo de nai, cantan os grilos e o vento morno trainos de lonxe o son d'un bombardino. Mañán lavarémonos con herbas arrecendentes.»

Castelao, despois, siguiu publicando *cousas* e mais *cousas* en *El Pueblo Gallego* e *Faro de Vigo*. Publicou tamén en *Nós* estudos críticos sobre os pintores cubistas, e ademais o notabilísimo *Diario* da súa viaxe a París, Países-Baixos e Alemaña cheo d'atinalisemas e fondas ouservaciós sobre da arte e da vida contemporánea, sendo de notar con que superioridade d'esprito reagiu contra o ambiente de París, como se ceibou das sugestiós da moda e dos ouropeles da decadenza, que soupo sinalar c'unha justeza cruel de pensador verdadeiro.

Ramón Otero Pedrayo, arestora Director do Instituto (Liceo) d'Ourense é un home de forte cultura clásica e moderna e que segue ao día o movemento literario e de ideas da Europa. É dos espíritos mais cultivados e mais agudos da renascenza galega. Apenas ten publicado mais libros que uma soberba *Guta de Galicia* (en castelán) e unha *Síntese xeográfica de Galiza*. O demais son noveliñas curtas. (*Pantelas home libre*; *Escrito na néboa*, ambas na colección *Lar*; *A morte de don Ramiro en Galaxia*) e infinitos contos e artigos en *Nós*, *A Nosa Terra*, *Vida Galega* e en todol-os jornais de Galiza. Actualmente tem no prelo unha novela en tres partes: *Os Camiños da Vida*.

Gran humorista e gran romántico, d'unha extraordinaria forza descriptiva, d'un agudo espírito d'ouservazón, d'un pensamento súpeto, séndolle doado atopar aixiña as mais insospeitadas relazós, Otero Pedrayo distínguese nas evocaciós do pretérito, nos admirábeles cadros do século XIX, da vida aldeán, que ninguén pintou coma il. Porque ademais, leva a esas *cousas* toda a súa preparazón de historiador e geógrafo. Veleiquí algúns pequenos anacos:

«Quando foi a derradeira invasión do cólera, unha vella parecía xa morta na cama do hospital. Había que andar aixiña, i-o médico sen meterse en andrómenas de pulso, mandouna enterrar. A muller espaventada, pudo dicir:—«Señor, inda non morrin»—«Demo de vella—saltou o doutor—quer saber mais que nós os médicos!»

«O fillo do señorito preguntáballe ó pai—«Papá, porqué los paisanos al saludarse no se quitan el sombrero?»

«Vale mais que o demo leve a un frade que non que o mosteiro perda un copelo de centeo» — contan que dicía un monxe do Priorato cobrando as rendas.»

«O primeiro catedrático qu'espricou Fiseca moderna, estivo tentado de voltar ós catro elementos; os rapaces berrábanlle pol-as ruas:—Molécola! Molécola!»

«Aquil fidalgo non cría que os coches poideran andar sen cabalos. Dend'a súa ventana albiscaba un anaco do val, e ría dos que traballaban na carretera do tren. Ó ver a primeira locomotora, pechou pra sempre a ventana e mandou pór á cabeceira de cama o pipote da augardente.»

«Morreu inda fai pouco, tolleitiña. Seis anos día por día, durante os cursos, andivo catro légoas diarias pra levarlle o pan e a carne (touciño) ó irmán que tiña estudando pra crego.»

A mais de todo esto, Otero Pedrayo é o cantor de Compostela. Ninguén n-esto chegou mais outo do que il chegou. Ninguén con mais tremente emoción se chegou ás pedras sagradas, e ninguén coma il as fixo falar e lles fixo deitar o seu subprime ensino d'eternidade. É o poeta da nosa Cidade Santa.

*Da aldeia*, *O século XIX* e *Sant'Iago* son libros que prepara Otero Pedrayo. Outro libro, *Pelerinaxes* publicaráse logo; contén o diario das viages á pé, cruzando Galiza, que ten feito en compañía do autor d'estas páxinas e d'outros amigos.

Dous novelistas hai de importancia: Francisca Herrera Garrido e José Lesta Meis. A primeira, alén de varios libros de versos, publicou em 1920 unha novela, *Néveda*, verdadeiramente encantadora. Presenta n-ela un tipo de rapaza tan delicado e tenro como as de Francis Jammes, a quen s'asemella moito. Lesta Meis revelouse como escritor de corpo enteiro en *Estebo*, novela semi-biográfica de recente publicazón (1927) que tivo un éxito merecido. Os seus cadros da aldeia e a descrición da vida dos galegos emigrantes en Cuba son de mán de mestre.

Contista do geito breve e pungente do Castelao e Otero Pedrayo é Rafael Dieste

en *Dos arquivos do trasno* (1926). Dieste é un dos propugnadores do avanguardismo, e é autor tamén de moitos artigos de tendencia filosófica nas que trata de profundar na entranza da y-alma galega. Os seus contos son do millor da nosa literatura actual. Teñen algo do terror e do misterio de Poe. Dieste resume a estética do conto n'estas palabras:

«A unidade emotiva conséguese no conto pol-a ousesión do que tén que sobrevivir. O remate ha tel-a virtú de faguer simultáneas no espírito as imaxes que foron sucesivas. A presenza do remate debe estar atafegala, pero latexando con forte resonancia en todol-os currunchos do relato. O relato e unha imaxe que fai estoupal-o conto nas verbas derradeiras, dempots de inzalo poderosamente. O conto e unha pelica na que se sente o pulso d'unha imaxe contida. O conto é o remuíño que fan o redor d'unda lámpara moitas volvoetas, todas mergulladas na luz da mesma lámpara.»

Ao tratar do teatro, falaremos da outra obra de Dieste, *A fiestra valdeira*.

Outro gran contista é Eugenio Montes, profesor de filosofía en Cádiz, mestre e guieiro dos literatos galegos de avanguardia, home de moita leutura e de múltiple curiosidade. Os tres contos *O vello mariñeiro toma o sol*, *O anño da devesa* e *Como na parábola de Peter Breughel*, que publicou na coleición *Céltiga*, do Ferrol, son tres pequenas joyas que chegan pra dar creto a un escritor. Moitos ensaios, entre iles a *Estética da Muñeira*, publicou-se en *Nós*, e despois en separata, e unha chea d'artigos nos jornais, forman o labor já medrado d'iste pensador mozo, enrolado nas hostes dos restauradores da metafísica, baixo das bandeiras de Husserl e dos seguidores de Brentano. É tamén poeta; como Amado Carballo, e antes que il veste a sensibilidade nova nas formas populares do *alalá*, das cántigas e dos jogos dos nenos, das adeviñas etc., con feliz acerto.

José Filgueira Valverde, un dos mais traballadores do Seminario d'Estudos Galegos, autor de investigacións literarias e históricas, ten publicado un fermosísimo libro de lembranzas infantís: *Os nenos*, d'unha exquisita e tenra sensibilidade, que, n-un arrauto d'irmandade e de fé, adicou: «Á sagra lembranza dos irmanciños mártires nas terras de Eir-Einn». Non sómentes atopamos nos escritos do Filgueira esa grande forza emotiva

que sinalamos nos nosos contistas de hoxe, senón outra cousa; o coñecimento do *Cancioneiro*, o manexo dos documentos antigos, enrequenten o seu galego, como o do Doctor Cotarello, c'unha chea de arcaísmos e palabras esquecidas que locen como gemmas, engastadas na prosa poética e saudosa.

Istes contistas breves—Castelao, Otero Pedrayo, Dieste, Montes, Filgueira—teñen pra min imensa importancia na nosa literatura. Coido que representan un género novo, que ceçais ten un precedente nas literaturas orientaes e na novelística popular, mais que ven ser arastora o mais propio das literaturas mozas: a rusa, a irlandesa, a galega... O qual non deixa de ser significativo.

De Antón Villar Ponte, fundador das Irmandades da Fala, escritor politeco, xornalista, ensayista, conferencista, dramaturgo, terémonos que ocupar mais adiante. Agora hemos dicir sómentes que é o noso primeiro doutrinario e o noso primeiro crítico. Crítico literario e crítico de arte. Poucas cousas chegan á quentura d'ideal e á outura de pensamento dos seus *Discursos á Nación Galega*, ansi titulados en lembranza dos de Johan Teófilo Fichte. Ninguén como il soupo estimar e valorar os homens que s'erguían na Galiza renascente. *A Nosa Terra*, órgao do Nacionalismo galego, foi obra sua. Tocantes á arte pictórica, os seus juizos sirven de guieiro á mór parte do público galego. É o noso primeiro xornalista, e a sua obra de orientazón, de crítica e de polémica, e verdadeiramente formidábele.

Como escritor politeco, compre mentar aquí ao seu irmán Ramón Villar Ponte (*Doutrina Nacionalista*, 1921); a Lois Pena Novo, o millor dos nosos oradores, orador á moderna, d'unha crara e nidia sobriedade absolutamente singelo, presentando o pensamento ispido de todo adubio retórico, co-a palabra precisa pra idea, justa, e c'unha elegancia arquitectural e unha enerxía de convicção verdadeiramente magnética, a Arturo Nogueiro, jurista e economista, un dos fundadores de *Nós*, onde publicou tamén unha notabre conferencia comentando os deseños de Castelao; e entre os mortos, ao grande pensador e politeco Luís Porteiro Garea (*Verbas d'un loitador*), o primeiro que expu-



xo en Galiza a teoría da saudade; o filósofo Johan Viqueira, do que fican unha chea de anacos soltos de un imenso valor que deberán ser recollidos, e poesías inéditas; o bardo loitador Ignacio Rodríguez, e outros.

Tamén hemos falar despois de outro escritor políptico e grande orador: Jaime Quintadilla. Fundador da editorial *Céltiga* do Ferrol, xornalista d'inesgotábele ingenio, propagandista do socialismo e do nacionalismo, ten ademais de notables ensaios espallados por xornais e revistas, e dúas obras de teatro, unha noveliña curta, *Saudade*, d'un fondo engado e d'un lirismo que a fan unha das milliores do noso tempo.

Polo múltiple da súa actividade, deixamos pr'o final a Evaristo Correa Calderón, fundador de *Ronsel*, revista e editorial a que nos temos já referido, xornalista, contista e novelista. A súa *Concepción singela do ceo*, publicada na colección *Libredón*, é unha noveliña d'unha encantadora ingenuidade e

d'un fondo filosófico que non deixa de sorprender. En *Nós* publicou o comenzo d'outra novela, baixo o título de *Cibdade galega en 1840*. En *Céltiga* do Ferrol, tres contos baixo o de *Luar*. E noutros cen sitios outros mil contos que non poderíamos dar a lista. Anque as súas ideas son d'avangarda, posto á criar, as súas cousas son mais ben evocacións saudosas, sempre interesantes. Correa Calderón adoutou nos seus escritos a grafa portuguesa integramente.

Por fin temos a Magariños Negreira, un humorista jovial e bondoso, que deu dúas noveliñas curtas moi interesantes e graciosas: *O Kalivera 30 HP* e *O filósofo de Tamariuca*, que fan esperar moito de seu agudo ingenio.

VICENTE RISCO

(Continuaráse).

## ESQUEMAS E LEMBRANZAS

*O vrán. De que xeito tan diferente e significativo reacionan diante il o burgués e o labrego? O folgo na praia, no balneario, na montana (os arquitectos debroucaron riba d'ela a caixa de xoguetes a bon marché dos chalets) pecha unha traxedia inda que non dita, sempre presente. O burgués síntese cativo, valeiro, inútil. En van se pon en coiros pra meteorizarse na roca espida, en van se fai sportivo pra imitar o ritmo das ondas ou do piñeiral. Palpa o corpo sadisfeito e pastorea o espírito no comareiro das novelas ó uso. Mais tamén sente un terror e unha vergonza. En troques o vagar do labrego mostrase tan cósmico como o pintar dos ácidos novos. A festa esmalta a noite c'as fixativas costelacións do folión, estrelas do mes, estrelas da sazón que non s'avergonzan das estrelas do ceo como se ten qu'avergonzar o papel alomeado das verbenas. N'istes días toda Galiza rayola coroas de festa e a mar cinguelle as costas c'os seus encai-*

*xes de Camariñas. Deus afaste d'ela a moda e o postín. O vento d'outono ten outras cousas que dicir mais que afeixar nos camiños as froles de farrapo das festas bien e as mareias bruanes de San Francisco non se pararán en limpar as praias da lavadura que deixa a merenda dos señoritos.*

\*\*\*

*O mapa. É doce levar os ollos pol-as súas coores. Figura un xardín. Hai pobos que lembran as pechas formacións das roseiras, outros son bosques ou pomares, algúns os cadrillos de elección onde frolecen as prantas de luxo. Irlanda unha «corbeille» de noivado c'o Atrántico, os Alpes un belveder pra romantizar. Hai tamén os anacos a ermo que sempre quedan nos xardís e os estanques lamigosos das salamantigas. E d'ise azul do mar que ven en todol-os mapas decorre un aire ceibe pois ningún xardiñeiro*

*o reduxo á sistema ornamental. Mais si consideramos o mapa c'os ollos do espírito, deseguida s'esvaen as coores e outras mais fondas veñen a xurdir en troques. Son as coores das yalmas étnicas, o xenio das terras que bota froles de seu indifrente á mándo xardiñeiro. Coores que teñen vibración de falas, lembranza dos antergos e un aire de marcha car'un porvir en que a sistemática política non teña realidá, e as coores do mapa señan as das yalmas ceibes e inmo- rredoiras dos pobos.*

\* \* \*

*Os galegos indinos non poden ispirarnos noxo sinón unha compasión franciscana. Son probes corpos que piden yalmas de prestado e sofren da cativa traxedia de non poder limpar dos beizos ise acento da raza qu'os seguirá poi-a vida e quizais trunfe compasivo na hora da morte. Un galego non se pode degradar. O igoal qu'os cregos o ser galego impón unha tonsura, imprime carauter.*

\* \* \*

*O profesor Sáiz estudando a Mistica española non l'atopa raíces indíxenas e de fixo ten razón pois é home sabio e verdadeiro. Mais ¿estudou a mística galega? Tivo en conta Prisciliano, S. Martiño, Alvaro Pelagio, e outros apenas coñecidos? Cando s'estuden de fixo que xurde un espírito místico semellante ô da Europa pois a Galiza é de nacencia á terra verdadeiramente europea da Iberia. Hai moitas cousas qu'inda non pasaron ôs libros de texto, n'os que se sigue falando da «pel de touro» e d'outros luxos crásicos pol-o estilo.*

\* \* \*

*Os fidalgos do dazanove inda sabían vivir na aldea no inverno e sentían a fondura da noite. Sei d'algún que canso de sol dictalle ôs criados: «facédeme noite». Eles pechaban as fiestras, acendían o velón, e ô amo sabíalle millor o viño e ouvía pasar as cabalgadas misteirasas sport das razas fortes e soñadoras.*

R. OTERO PEDRAYO.

## FOLLAS NOVAS

O PORCO DE PÉ, por VICENTE RISCO.

Unha novela de duas centas páxinas orixinal de Vicente Risco ten que ser necesariamente unha nova que alede enormemente aos intresados pol-o desenrolo da cultura galega. Pois esa novela acaba de poñela á venda a Editorial «Nós» seguindo a sua inconmensurable laboura editora.



Titúlase «O porco de pé» e constituie un estudo preno de elevado humorismo de moitas cousas da vida actual que ordinariamente pasan desapercibidas ou ademitense tal como veñen e se ollan sen arrearparar nos seus diversos matices.

Risco filosófica e humoristicamente nol-os pon de releve con unha gracia admirabile e unha exaita visión que provoca no leitor a sorrisa aprobatoria e a conformidade co que está léndo. A novela de Risco é d'unha realidade abrumadora que desmenuza detalles e cousas da vida cotidián poñéndonos diante dos ollos admirablemente espidos e retratados vicios e prexucios sociás que desfilan constantemente pol-o vivir diario.

Inspirado no tema que deixamos dito ólla-se decontado que o libro de Risco ten un enorme intrés ao que hai que engadir o esti-

lo e o renome do autor para afirmar que «O porco de pé» é un libro de gran valía, que arrecadará bon xuicio da crítica e venderáse axiña. Por outra parte íbase notando xá a necesidade de que Risco, sempre admirabre nos seus traballos, dera á literatura galega un libro de maior tamaño que as novelas que hasta agora tiña publicadas. O querido Risco con «O porco de pé» ten pol-o momento cumprido con un deber que n'él era ineludible anque non parará aquí pois sabemos que ven

dando remate a outras novelas grandes para apareceren axiña.

Sin que sinifique recramo aconsellamos aos nosos lectores lean «O porco de pé» na seguranza de que toparán n'elo cumprida satisfacción, por tratarse d'un libro de gran amenidade, fondo intrínseco e froito d'unha pruma prestixiosa.

A Risco e a «Nós» emboras querendosas ateigadas de agradecemento pol-o que fán pol-a nosa literatura.

## O TERRORISTA DE «VIDA GALLEGA»

Xaimiño Solá olla bombas onde non hai senón foguetiños infantís. E asin con visión tan trabucada «tira planchas» para ilustrar ós pacentes e inxenuos lectores da súa revista de pan levar.

Foi boa a que baixo o rubro de «La bomba del día 4» publicou nas páxinas de «Vida Gallega». Tan boa que fixo escachar de risa á cantos coñecéronna.

Solá, confundeu a Johán Carballeira con Johan de Loira. A un novo avellentado c'un vello que terma de se rexuener. E felicitou no segundo ó primeiro coidando que reificara a súa ideoloxía galeguista.

¡Johan de Johannes nos valla!

Non pois, se sempre fai o mesmo, as accións de «Vida Gallega» van rubir pol-as paredes.

Emporiso, unha cousa é que Solá olle con malos ollos o galeguismo, e outra que trabuque feitos da maneira lamentabel que dixemos.

O galeguismo, pesi a todo, xurde cada vez máis vizoso, ata o extremo de que, o propio Solá, cáseque non publica cousa de ningún valor na súa revista agás os traballos de varios galeguistas de prestixio que acabarán por abandoalo si sigue ceibando parvadas.

Din alí: do enemigo o consello. Pois nós queremos darlle un, e non coma enemigos, que as nosas enemistades reservámolas para cousas máis serias. Don Xaime, atenda ó seu pequeno negocio, como bô pai de familia, e nono bote a perder co-a pretensión ridícula de se sentir un émulo de Luca de Tena. Siga coidando a súa pequena parroquia,

porque si a perde, logo que vai ser de voste-de?... Xa ve que somos humanitarios. Humanitarios e caritativos.

Déixese de manexar bombas, que non naceu para terrorista. Terrorista, non ¡malpocadiño! Si cadra, fogueteiro de toda crás de festas. Asin, boeno. E dándolle ó bombo tamén, pensando nos platillos. Pro fora d'iso, nada. Decátese de que queremos moito. E que lle damos aviso a tempo. Logo non diga...

## Un homenaxe ao idioma galego

Pol-a gran revista de Bós Aires «Céltiga», portavoz na Arxentina dos ideais de redención galega, enterámonos do homenaxe que algúns xornás de Bós Aires, xornás indíxenas non revistas galegas, renderon ao noso idioma.

Con motivo da chegada aló dos xogadores do Club Celta os xornás «El Mundo», «La República», «Crítica» e «La Calle», publicaron editoriais saudando ao equipo galego escritos, e ademais ben escritos, no noso idioma. «Céltiga» copia os orixinaes cousa que nós non facemos por carecer de espazo. Interésanos somentes recoller o feito.

Os orixinaes dos catro xornás bonaerenses están escritos n'un galego ben coidado, con un gran coñecemento do que é Galicia e das súas arelas autuás e cheios d'unha gran cordialidade e amor á nosa terra.

Vede como fora da Terra téñense para a nosa fala, que é a nosa propia alma, homenaxes e cariños que contrastan co-a aitude noxenta de certos mocíños galegos parvos de remate, que por servilismo e raquitismo



espiritual louban falas alleas en perxuicio da nosa.

Con verdadeira emoción retemos na nosa lembranza os nomes dos catro xornás arxentinos merescentes do noso profundo agradecimento en pago do sincero, espontáneo e cordial homenaxe que renderon ao idioma galego.

## PENEIRANDO

Un probe home que firma co pseudónimo de Xohán Carballeira permitiuse decir un feixe de tonterías con moi mala intención encol do uso do galego no xornal vigués «El Pueblo Gallego», que como si co artigo se solidarizase pubricouno como fondo.

Carecen tanto de senso común e realidade as tonterías que dí o infeliz, que hai para morrer de risa con elas. O que nos intresa é tomar nota da intención que encerran e decirlle ao seu autor que supón unha cobardía inaudita falar de cousas semellantes cando se ten a seguridade de que as circunstancias non permiten contestalas como deberan selo.

E decirlle tamén que xa que arrenega do uso do idioma atopamos ridículo e contradictorio que firme con un pseudónimo galego que lle serve para ampararse na escuridade. Mais nobre sería firmar co seu nome verdadeiro que así serviríanos tamén para saber quen é semellante... escribidor. Ou pol-o menos traducir o pseudónimo.

\*\*\*

O parvo de Xaimiño, que canto mais vello vai mais parvoponse, quíxolle quitar punta ao artiguliño do pobre Carballeira e despois dun feixe de cousas sin tón nin són, mixturando o separatismo, Portugal... a Biblia en verso dí que por causa do artigo de marras os galeguistas perderon o seu orgo «El Pueblo Gallego» que agoraponse da sua banda e dalle a razón ás campañas anti-galeguistas que «Vida Gallega» fixo sempre. Dí tamén que Xohán Carballeira é o director do «Pueblo» señor Portela Valladares.

¿Vedes como Xaimiño é cada día mais parvo? Nin o «Pueblo Gallego» foi nunca o orgo do galeguismo militante, ninponse agora da sua banda nin Xohán Carballeira é Portela Valladares.

Non deu unha no cravo.

Todo isto de Xaimiño produciunos por unha banda unha gran hilaridade e pol-a outra a impresión de que ao «Pueblo Gallego» estalle ben empregado por permitir decir tonterías nas suas columnas. E ademais non sabemos o efecto que lle producirá ao señor Portela Valladares que o confundan co pobre Carballeira.

## CASTELAO

O xenial dibuxante, noso entrañable irmán, vai sair para Bretaña pensionado para estudar os cruceiros n'aquel país céltico. Castelao que xa atópase ben da sua derradeira doenza na vista reintégrase novamente á sua vida de traballo. Ese traballo seu tan orixinal, xúrdio e patriótico que deu á cultura galega obras literarias e dibuxos que non é perciso gabar pois o gran Castelao é un valor galego unanimemente reconecido.

Cheos de ledicia por ver xá ao querido irmán en prena aitividade enviamoslle unha querendosa aperta de despedida e agardamos arelantes o seu retorno d'este viaxe que nos proporcionará ocasión de admirar unha mais das suas admirabres e únicas produccions.